

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA PARA O FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DAS OBRAS DE REFORMA DAS INSTALACIÓNS HÍPICAS EXTERIORES NO RECINTO FEIRAL INTERNACIONAL DE GALICIA EN SILLEDA

Santiago de Compostela, 08/05/2026

### REUNIDOS

Dunha parte, Diego Calvo Pouso, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 44/2024 do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Por outra parte, Ricardo José Durán Rodríguez, na súa condición de Director Xeral da Fundación Semana Verde de Galicia, clasificada como de interese benéfico-privada por Orde do 9 de xullo de 1991 da Consellería da Presidencia e Administración Pública (DOG núm. 138, do 19.07.1991) e declarada de interese galego por Orde do 10 de xullo de 1991 da Consellería de Presidencia e Administración Pública (DOG núm. 23 do 19.07.1991), figurando inscrita co número de rexistro 1991/5, e que intervéen por conta e en representación da devandita fundación, con capacidade para vinculala neste acto por acordo adoptado polo Padroado da Fundación en reunión celebrada o 12 de decembro de 2013, elevado a público en virtude de escritura autorizada ante o notario Manuel Barros Gallego o 27 de decembro de 2013, co número 1.336 do seu protocolo.

As persoas reunidas actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que exercen, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración, e para o efecto

### EXPOÑEN

**Primeiro.** Conforme ao establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma galega asume a competencia exclusiva en materia de promoción do deporte (artigo 27.22), correspondéndolle á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, as competencias de elaboración, proposta e execución da política do goberno galego en materia de deportes, conforme ao establecido no Decreto 136/2024, do 20 de maio (DOG núm. 101, do 27 de maio), polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

**Segundo.** A Fundación Semana Verde de Galicia (en adiante FSVG) constituída como fundación de interese xeral galego e sen ánimo de lucro, ten personalidade xurídica propia e

plena capacidade de obrar, consonte a Lei 12/2006, de 1 de decembro, de fundacións de interese galego.

A FSVG atópase inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, co número 1991-5, na sección da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (actualmente Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes). Foi clasificada como benéfico-privada mediante Orde da Consellería de Presidencia e Administración Pública de 9 de xullo de 1991 (DOG número 138, do 19 de xullo de 1991) e declarada de interese galego mediante Orde da mesma consellería de 10 de xullo de 1991 (DOG número 140, do 23 de xullo de 1991).

Segundo os seus estatutos, son fins da FSVG, entre outros, promover a cooperación público-privada no desenvolvemento de actividades feirais e promocionais no campo agrario, alimentario, industrial e comercial co obxecto de impulsar o avance continuo dos devanditos sectores; reforzar a posición estratéxica de Galicia como plataforma feiral para o desenvolvemento de grandes eventos sectoriais de ámbito estatal e internacionais; o impulso e promoción do Recinto Feiral de Galicia en Silleda como un enclave estratéxico para o desenvolvemento socioeconómico de Galicia, e en particular, como infraestrutura de promoción e exposición comercial.

Ó nacemento da Fundación Semana Verde de Galicia sucedulle a creación e posta en marcha do maior parque feiral de toda a comunidade autónoma e o único recinto de exposicións de todo o mundo que, estando situado no medio rural, se inclúe no calendario da Unión de Feiras Internacionais (UFI).

A esta magnitude e importancia do recinto Feira Internacional de Galicia é necesario engadir a súa situación estratéxica, no centro xeográfico de Galicia, perfectamente comunicado coas principais cidades, con autoestradas e aeroporto, con ampla e variada oferta en hospedaxe e restauración

Os máis de 428.000 m<sup>2</sup> converten o recinto feiral no maior de Galicia e do noroeste de España e do norte de Portugal, con sete pavillóns cubertos, distribuídos en 40.000 m<sup>2</sup> e outros 55.000 de exposición o aire libre, que lle permite acoller feiras sectoriais e exposicións de calquera tipoloxía. Ademais, completa a súa área de servizos con un aparcamento con capacidade para 3.800 vehículos; un restaurante e dos autoservizos para atender a 4.500 persoas e seis cafeterías que poden asistir a 800 persoas.

**Terceiro.** En cumprimento dos seus obxectivos, a FSVG estableceu relacións coa Federación Hípica Galega co ánimo de definir posibles vías de colaboración que permitan a celebración de actividades deportivas e formativas de alto nivel no recinto feiral internacional de Galicia, para o que dispón dunha probada solvencia técnica, profesional e económica, así como das infraestruturas e instalacións precisas, con capacidade para a promoción nacional e internacional das actividades que no devandito recinto se desenvolvan.

A hípica é, a día de hoxe, un dos grandes deportes de Galicia, pois conta con máis de 5.100 licencias federadas, sobre 2.000 cabalos rexistrados, e uns 70 pequenos clubs; porén o momento doce da hípica en Galicia non se corresponde coa realidade que vive a nosa comunidade autónoma no que atinxe á cantidade e calidade das instalacións

deportivas hípicas. De aí a importancia estratéxica de dotarse dun centro directamente xestionado pola Federación Hípica Galega, á imaxe e semellanza do que acontece noutras comunidades autónomas.

A FSVG xa conta con instalacións hípicas na zona de gandería do recinto feiral, en concreto dispón dun ring principal que ten unha superficie útil de 8.500 m<sup>2</sup>, cun aforo máximo de 34.000 persoas, e cunha grada que permite acoller a 1.500 persoas baixo unha superficie cuberta e outras 800 o aire libre, contando con herba natural; unha pista de quencemento (ring anexo) cunha superficie de area de 4.100 m; e unha zona de cortes que dispón de 92 boxes sobre unha superficie bruta de 1.586 m<sup>2</sup> cun aforo máximo de 2.620 persoas.

Non obstante, hai que ter en conta que as pistas para albergar concursos de primeira orde, deben de cumprir uns estándares internacionais de calidade e benestar animal. Por elo, sería preciso levar a cabo unha intervención prioritaria e imprescindible consistente na remodelación completa e a fondo das pistas de competición para adecualas ás esixencias actuais.

A obra máis importante a executar sería a remodelación completa da pista verde e o reacondicionamento da pista actual de area. O resultado final será unha pista de area e xeotextil con sistema de rego e desaugadoiro.

O orzamento desta inversión ten un custo total de 644.120,04 € e desde a FSVG manifestan que carece dos recursos necesarios para a súa execución, polo que solicitan a esta consellería colaboración a través dunha aportación económica que permita poder facer fronte ao elevado custe económico da inversión descrita, a cal permitiría reforzar a posición estratéxica de Galicia a nivel deportivo, social e económico.

**Cuarto.** O desenvolvemento do deporte nos últimos anos desencadeou unha serie de cambios que o configuran non só como unha actividade lúdica e saudable, senón como un feito social de gran significado nas vidas dos cidadáns.

A celebración de grandes eventos deportivos ou relacionados coa pedagogía deportiva supón un elemento de desenvolvemento económico e unha opción estratéxica para as localidades nas que se realizan situándoas nun contexto internacional.

Ademais, a organización de calquera evento deportivo de certa magnitude ten un impacto económico e social significativo. A afluencia de competidores e afeccionados foráneos, que realizan gastos en aloxamentos, manutención e outros bens e servizos, supón unha inxección á economía local coa posibilidade da creación de emprego local.

Con data do 9 de Setembro de 2025 a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a FSVG asinaron un convenio de colaboración para a redacción do proxecto técnico e dirección das obras de mellora das instalacións equinas do Recinto Feiral, cunha aportación por parte da Consellería á Fundación de 18.029 €.

Unha vez redactado e presentado o proxecto técnico das obras de mellora das instalacións equinas do recinto feiral, faise preciso poder contar coa financiación

necesaria para poder acometer a inversión, para o que a FSVG solicita a colaboración económica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Os obxectivos descritos e a relevancia das actuacións para a súa consecución acreditan a existencia de razóns de interese económico que xustifican o feito de recorrer ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor da Fundación Semana Verde de Galicia.

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, considera de interese público e social os obxectivos que se pretenden como unha acción máis do fomento do deporte en Galicia polo que este convenio de colaboración responde a ese interese para cuxa consecución se fai precisa a execución dunha actuación imprescindible para poder celebrar os eventos hípicas e as competicións.

Así pois, este convenio de colaboración responde ao interese público e social que representa a acción de fomento da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes respecto da execución dunhas actuacións necesarias para ampliar as posibilidades de crecemento da hípica en Galicia, cubrindo as carencias de infraestruturas que condicionan a súa evolución positiva, ao dotar á Comunidade Autónoma dunha instalación deportiva de calidade para a práctica de disciplinas ecuestres que permitan optar á organización de Campionatos de España, celebrar probas de carácter internacional e converterse en centro de formación e tecnificación para adestradores e deportistas.

En definitiva, a conxuntura descrita, a necesidade de asistencia manifestada pola FSVG, o obxectivo da actuación, así como a existencia de crédito adecuado e suficiente para a súa aplicación eficaz na remodelación completa e a fondo das instalacións deportivas sobre as que se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o feito de recorrer ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor da FSVG.

**Quinto.-** Correspondéndolle á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, as competencias de elaboración, proposta e execución da política do goberno galego en materia de deportes, conforme ao establecido no Decreto 136/2024, do 20 de maio (DOG núm. 101, do 27 de maio), polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

O artigo 6 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, establece que para o mellor exercicio das súas competencias, a Administración autonómica poderá subscribir convenios de colaboración coas demais administracións públicas e entidades públicas e privadas vinculadas á actividade deportiva.

**Sexto.** Conforme co establecido no artigo 26.2º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública, xa que o obxecto do convenio é atender as circunstancias específicas da FSVG para a promoción do deporte mediante as actuacións que comprende o presente convenio.

**Sétimo.** A FSVG cumpre cos requisitos para obter a condición de beneficiario da subvención de acordo co disposto no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**Oitavo.** A achega económica da Xunta de Galicia farase efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 05.01.121A.781.0, código de proxecto 2015 00121) na que existe crédito adecuado e suficiente.

**Noveno.** Con base en todo o anterior, co fin de materializar a colaboración antes descrita e ao considerar que concorren as circunstancias que así o aconsellan, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Fundación Semana Verde de Galicia acordan subscribir este convenio de colaboración, de conformidade coas seguintes

## CLÁUSULAS

### Primeira. Obxecto.

O obxecto do presente convenio é fixar as liñas de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Fundación Semana Verde de Galicia, para o financiamento das obras de reforma das instalacións hípicas exteriores do recinto feiral internacional de Galicia, en Silleda.

A intervención contempla a creación dunha pista de última xeración composta por area de microsílíce e fibras xeotextiles, equipada cun sistema de rego e drenaxe interno, o que permitirá o seu uso continuado durante todo o ano, incluso en condición climáticas adversas.

As principais actuacións técnicas inclúen:

- Escavación dá pista e de gabias para canalización de tubaxes.
- Colocación de lona illante.
- Instalación de tubaxes con boias e electroválvulas.
- Achega de capas de area de drenaxe e nivelación por láser.
- Aplicación de capa final de area de microsílíce e mestura con fibra.
- Posta en marcha do sistema integral de rego e drenaxe.

O orzamento destas actuacións é de **SEISCENTOS CORENTA E CATRO MIL CENTO VINTE EUROS CON CATRO CÉNTIMOS (644.120,04€)**, o cal se xunta como Anexo I a este convenio, do cal forma parte.

### Segunda. Investimento programado e co financiamento das actuacións.

O importe total das actuacións a realizar ao abeiro deste convenio ascende á cantidade de **SEISCENTOS CORENTA E CATRO MIL CENTO VINTE EUROS CON CATRO CÉNTIMOS (644.120,04€)**, IVE incluído.

- A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, cooperará na realización da actuación a que se refire a cláusula primeira deste

convenio de colaboración, mediante a achega máxima de **CINCOCENTOS CINCUENTA MIL EUROS (550.000€)**, IVE incluído, con cargo á aplicación orzamentaria 05.01.121A.781.0, código de proxecto 2015 00121 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2026. Este importe representa o 85% do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio e que se achega como Anexo I.

- A FSVG achegará, con cargo aos seus créditos orzamentarios, a cantidade de **NOVENTA E CATRO MIL CENTO VINTE EUROS, CON CATRO CÉNTIMOS (94.120,04€)**, que supón o 15% do orzamento total da actuación obxecto deste convenio, que se imputarán con cargo á partida correspondente do seu orzamento de gastos para o exercicio 2026.

### **Terceira. Obrigas da Fundación Semana Verde de Galicia.**

Ademais das establecidas con carácter xeral na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento, son obrigas da FSVG:

1. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
2. Destinar os fondos que se perciban á execución do proxecto para o cal se concede esta subvención, executar as actuacións que constitúen o obxecto deste convenio e cumprir todas as condicións e obrigas recollidas nel.
3. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, no prazo e na forma establecidos neste convenio e demais normativa de aplicación.
4. Reintegrar, total ou parcialmente, as cantidades percibidas, se as houbera, xunto cos xuros de demora correspondentes, segundo o procedemento establecido no artigo 38 da Lei de subvencións de Galicia, nos seguintes supostos:
  - a. Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención e para a correcta execución e xustificación do proxecto subvencionado.
  - b. Incumprimento da obriga de xustificar a efectividade dos pagamentos nos termos da cláusula quinta deste convenio.
  - c. Reintegrarase o exceso de financiamento público polo importe pagado que exceda a cantidade resultante de aplicarlle ao gasto xustificado a porcentaxe de subvención correspondente, nos termos do artigo 21 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
  - d. No suposto de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas respecto do custo do proxecto ou actividade, nos termos do artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
  - e. Incumprimento das obrigas establecidas no artigo 11 e 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- f. Nos demais supostos de aplicación, nomeadamente os establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
5. Comunicarlle ao órgano concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
  6. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, conforme a disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o exercicio 2006 e o artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
  7. Subministrarlle á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes toda a información que se lle requira en materia de transparencia, de acordo co establecido no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
  8. Colaborar e facilitar canta documentación lle sexa requirida, no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, así como someterse ás actuacións de supervisión e control previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e ás xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.
  9. De conformidade co establecido no artigo 15.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 20 do Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento que desenvolve a devandita lei, a FSVG deberá dar publicidade do carácter público da financiación da súa actividade. En particular, coa colocación dun cartel informativo da natureza das obras obxecto do convenio, con indicación expresa do financiamento por parte da Xunta de Galicia e coa inclusión da súa imaxe institucional, segundo modelo que se xunta como anexo II.

#### **Cuarta. Obrigas da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**

1. A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, cooperará na realización da actuación a que se refire a cláusula primeira deste convenio de colaboración, mediante a achega máxima de CINCOCENTOS CINCUENTA MIL EUROS (**550.000 €**), IVE incluído, con cargo á aplicación orzamentaria 05.01.121A.781.0, código de proxecto 2015 00121 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2026. Este importe representa o 85% do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio e que se achega como Anexo I.
2. No caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha realización deficiente da totalidade

do proxecto, a contía da subvención reducirase proporcionalmente, e manterase constante a porcentaxe da axuda respecto ao custo total do investimento.

#### **Quinta. Gastos subvencionables**

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos en que incorrese a FSVG como consecuencia da realización de actuacións acordes co seu obxecto, mesmo aqueles que se efectuasen con anterioridade á sinatura deste, sempre que se trate de gastos correspondentes ao actual exercicio económico.

#### **Sexta. Conta xustificativa**

1. Para recibir o importe da subvención e para xustificar a aplicación dos fondos percibidos, a FSVG deberá acreditar a execución do proxecto subvencionado mediante a presentación da seguinte documentación:

- a. Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da axuda, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- b. Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago.
- c. Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e certificado de execución da FSVG.
- d. Declaración responsable asinada electrónicamente pola persoa representante da entidade beneficiaria, na cal se faga constar:
  - o O conxunto de todas as axudas solicitadas ou concedidas, para as mesmas actuacións solicitadas ao abeiro deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos e o compromiso de comunicar decontado cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.
  - o Que a FSVG non estea incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, números 2 e 3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario dunha subvención.
  - o Que non é debedor por resolución de procedemento de reintegro.
- e. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento débedas coa administración pública da comunidade autónoma de conformidade co establecido nos artigos 10 e 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- f. Acreditación do cumprimento da obriga de presentar as contas anuais ao protectorado para a súa anotación e depósito no Rexistro de Fundacións de Interese Gallego de acordo co disposto no artigo 38 da Lei 12/2006, de 1 de decembro, de fundacións de interese galego.
- g. En cumprimento das obrigas de publicidade establecidas neste convenio deberán achegar fotografías, en soporte dixital, nas cales se aprecie a publicidade do financiamento da Xunta de Galicia conforme ao modelo do anexo II deste convenio.
- h. Nos supostos en que sexa esixible, a entidade beneficiaria deberá presentar:
  - o Documento acreditativo da publicación do anuncio da licitación do contrato por calquera dos medios establecidos no artigo 347 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.
  - o Copia compulsada da resolución de adxudicación da obra onde quede acreditado que a elección entre as ofertas se realizou con base en criterios fundados na mellor relación-calidade prezo ou, nos supostos permitidos pola lei, nun único criterio relacionado cos custos.

Á vista desta documentación o órgano competente da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes expedirá certificación acreditativa do cumprimento por parte da fundación e dentro dos prazos establecidos, dos requisitos exixidos neste convenio para proceder ao pagamento da subvención.

2. A Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes poderá solicitar calquera outra documentación necesaria para a correcta verificación da subvención.

3. A data límite para a execución das actuacións subvencionadas e para presentar a documentación xustificativa da subvención será o 1 de decembro de 2026.

4. A falta de presentación da xustificación no prazo indicado comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia, sen prexuízo do previsto nos artigos 45.2 e 46 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O pago da subvención realizarase unha vez comprobada a xustificación presentada polo beneficiario e pola parte proporcional da contía da subvención efectivamente xustificada.

5. De acordo co establecido no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán realizarse pagamentos á conta por un importe de ata o 80% da porcentaxe subvencionada, correspondente aos pagamentos xustificadas. A FSVG queda exonerada da constitución de garantía, de acordo co establecido no artigo 65.4, apartado c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En todo caso o pago efectuarase unha vez examinada e conformada a xustificación presentada pola FSVG.

### **Sétima. Subcontratación parcial ou total**

1. Para a execución do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio, a FSVG poderá subcontratar parcial ou totalmente o investimento subvencionado, salvo que o impida a súa natureza. En ningún caso poderán subcontratarse actuacións ou partidas que, aumentando o custo do proxecto subvencionado, non acheguen valor engadido ao seu contido.

Os contratistas quedarán obrigados soamente ante a entidade beneficiaria, que asumirá a total responsabilidade da execución do proxecto subvencionado fronte á Administración concedente.

2. A tramitación da contratación será realizada pola entidade beneficiaria conforme a normativa vixente en materia de contratación do sector público e será esta a responsable directa das consecuencias que poidan derivar dos incumprimentos.

3. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, as entidades beneficiarias deberán acreditar, xunto coa documentación xustificativa da subvención, a publicación do anuncio da licitación do contrato por calquera dos medios establecidos no artigo 347 da devandita lei.

Tamén deberán achegar a resolución de adxudicación do contrato, na cal se xustifique que a elección entre as ofertas presentadas se realizou con base en criterios de adxudicación fundados na mellor relación calidade prezo ou, nos supostos permitidos pola lei, nun único criterio relacionado cos custos.

### **Oitava. Revogación, reintegro e resolución**

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nos artigos 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.

Será causa de reintegro total o incumprimento das obrigas establecidas para a Fundación Semana Verde de Galicia nas cláusulas deste convenio.

### **Novena. Compatibilidade con outras subvencións**

Esta axuda é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que a contía total das axudas non supere o 100% do importe da actividade subvencionada. No caso de que a subvención concedida supere, illadamente ou en concorrencia con outras, o custo da actividade para a que foi concedida a subvención, descontarase o exceso obtido sobre o citado custo.

### **Décima. Comprobación das obras**

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través dos seus servizos técnicos se reserva para si a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e dos requisitos con que se concede esta axuda, en concreto, de conformidade co establecido no artigo 30.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, efectuará unha comprobación material da inversión, quedando constancia mediante acta de conformidade asinada tanto polo representante da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, como polo representante do concello.

### **Décimo primeira. Seguimento do convenio**

1. Para facilitar o seguimento, o cumprimento e a coordinación do convenio, constituirase unha comisión mixta de seguimento, integrada por dous representantes da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e dous representantes da FSVG.
2. A comisión poderase reunir as veces que se estime oportunas para o cumprimento do convenio. No caso de empate nas decisións adoptadas pola comisión, o voto da persoa representante da Secretaría Xeral Técnica de maior xerarquía, dirimirá o dito empate. En todo caso, a solución das incidencias que poidan xurdir estará condicionada polas limitacións orzamentarias incluídas na cláusula segunda.
3. As súas funcións serán:
  - Interpretación do convenio
  - Estudar as posibles modificacións do convenio propostas polas partes, as cales se formalizarán a través das correspondentes addendas.
  - Velar polo cumprimento dos fins previstos neste convenio.
  - Realizar un seguimento das actuacións e/ou actividades incluídas no presente convenio.
  - Estudar e propoñer, de ser o caso, calquera medida que, en relación cos fins do presente convenio, redunde no beneficio dos obxectivos perseguidos co mesmo.
  - Emitir informe respecto de calquera dúbida que se suscite na interpretación e /ou aplicación deste convenio.
  - Intervención previa á resolución por incumprimento.

### **Décimo segunda. Causas de resolución**

1. Este convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.
2. Son causas de resolución:
  - a. O incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
  - b. O transcurso do tempo fixado sen que se executen e/ou xustifiquen as actuacións obxecto da subvención ou sen se ter acordado a súa prórroga.
  - c. O acordo unánime de todas as partes asinantes.
  - d. Decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
  - e. Calquera outra causa prevista nas leis.

#### **Décimo terceira. Vixencia do convenio**

Sen prexuízo do establecido na cláusula cuarta, o presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2026.

#### **Décimo cuarta. Natureza do convenio**

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas, logo de informe ou proposta da Comisión de Seguimento, pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes; as partes quedarán suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

#### **Décimo quinta. Publicidade do convenio**

1. As partes asinantes manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel, poidan ser publicados no Portal da transparencia e goberno aberto.
2. Este convenio será obxecto de publicación, de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e mais co artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
3. En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicarase a subscripción deste convenio á Base de datos nacional de subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

#### **Décimo sexta. Protección de datos**

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento ( UE) 2016/679 do Parlamento europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46 CE (Regulamento xeral de protección de datos) e demais disposicións vixentes sobre a materia.

### **Décimo sétima . Normativa aplicable**

En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións, e demais normativa de aplicación.

En proba de conformidade co expresado neste convenio, as partes comparecentes asinan na data consignada na sinatura electrónica.

Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes

Director xeral da Fundación Semana  
Verde de Galicia

Diego Calvo Pouso

Ricardo José Durán Rodríguez

## Anexo I

**Mediciones y presupuesto**
**11. Resumen presupuesto: Presupuesto de ejecución material (PEM) y Presupuesto de contrata (PEC)**  
 Hoja 1 de 1

Capítulo	Importe	%
<b>1 ACTUACIONES PREVIAS Y EXTERIOR PISTA</b>		
1.1 ACTUACIONES PREVIAS Y DEMOLICIONES .	1.898,55	
1.2 MOVIMIENTOS DE TIERRAS .	22.018,59	
1.3 PERÍMETRO PISTA .	49.700,22	
1.4 INSTALACIONES .	20.954,54	
<b>Total 1 ACTUACIONES PREVIAS Y EXTERIOR PISTA .....</b>	<b>94.571,90</b>	
2 ACTUACIONES INTERIOR PISTA .	338.763,48	75,73
3 GESTIÓN DE RESIDUOS .	3.313,30	0,74
4 CONTROL DE CALIDAD .	2.700,01	0,60
<b>5 SEGURIDAD Y SALUD</b>		
5.1 PROTECCIONES COLECTIVAS .	4.851,94	
5.2 INSTALACIONES PROVISIONALES DE HIGIENE Y BIENESTAR .	1.877,69	
5.3 EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL .	1.113,66	
5.4 MEDICINA PREVENTIVA Y PRIMEROS AUXILIOS .	144,67	
<b>Total 5 SEGURIDAD Y SALUD .....</b>	<b>7.987,96</b>	
<b>Presupuesto de ejecución material</b>		<b>447.336,65</b>
13% de gastos generales		58.153,76
6% de beneficio industrial		26.840,20
Valor estimado de la obra (IE)		532.330,61
21% IVA		111.789,43
<b>Importe estimado con IVA incluido</b>		<b>644.120,04</b>

Asciende el importe estimado de la obra con IVA incluido a la expresada cantidad de SEISCIENTOS CUARENTA Y CUATRO MIL CIENTO VEINTE EUROS CON CUATRO CÉNTIMOS.

**ANEXO II**  
**MODELO CARTEIS INFORMATIVOS**

**OBRA FINANCIADA (OU CO FINANACIADA, segundo corresponda) POR:**



**LOGOTIPO DA FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA**

**OBRA:**.....(Nome da obra)

**DIRECCIÓN FACULTATIVA:** *NOMES E APELIDOS*

**EMPRESA ADXUDICATARIA:** *NOME DA EMPRESA ADXUDICATARIA*

**ORZAMENTO:**.....€

**DATA DE INICIO:** *DD/MM/AAAA*

**PRAZO DE EXECUCIÓN:**.....*MESES*

**MEDIDAS FORMATO ESTÁNDAR A1**